

O Sapo Padexón

O Sapo Padexón



Mercedes Gallego Esperanza



O Sapo Padexón

Cando ti dis que os sapos son moi riquiños, eu penso para min “esta non coñece ó cunqueiro Padexón que rolda polo estanque do horto”. Así que hoxe, que tes tempo, voute a por en antecedentes por se algún día o atopas por alí de papón, porque ademais de padexón tamén é papón.

A verdade é que non sei se morrería, ¿Por que cantos anos viven os sapos? ¿os que os deitan?, para esta resposta non necesitaba alforxas, lista. Facíache a pregunta porque hai tempo que

non o vexo, tampouco é que o bote de menos, ben, imos ó gran da historia.

O sapo Padexón –xa irás vendo porque le chamabamos así- levaba tempo vivindo ó redor do estanque do horto, e non era casualidade que roldase por alí, ¿sabes por qué?, pois porque andaba ás ras, si ás ras, non para comelas senón para apalpalas, achegábase coa desculpa de que todos eran os mesmos, da mesma especie, anuros. O Padexón considerábase con encanto para as ras, e esquecía o seu aspecto repoludo –por non dicir esférico-, as súas extremidades curtas e a súa pel áspera. Fronte á cor verde das nosas ras, a súa axilidade, as súas extremidades longas e os seus movementos saltari-

queiros. O Padexón era un sapo moi peculiar, pois como traballaba pouco vivía ó revés, ou sexa, mentres os da súa familia adicaban a noite á caza e a limpar o horto de bichos dañinos como vermes, caracois e roscas, el durmía. Á mañá erguíase tan pronto empezaba a quecer, ía para debaixo das pedras que están ó pé do estanque e que é donde as ras se poñen ó sol. Desde alí el mirábaas, chiscáballe o ollo e botáballes biquiños e cando saltaban á auga estiraba o pescozo —o do pescozo é un dicir, deixémolo en papada- para intentar rozar algunha barriguiña ou algunha anca.

As ras, aborrecidas de semellante espantallo, saían fuxindo para o estanque do prado e queres

ver que o sapo Padexón a pleno sol cruzaba todo o prado para ir detrás delas. Estas, cando se decatában da súa presenza, saltaban prado abaixo outra vez cara o horto e el detrás dando tombos pero sen desistir.

A min dábame moita lástima das ras pois as pobriñas co sapo Padexón cerca non se sentían seguras, elas mesmas me comentaban que procuraban tomalo a risa, pero a realidade era que non se fiaban del

Un día ata se puxo a fumar, ¿a fumar?, ¡si, si a fumar!. Ti é que non te enteras, pero os teus amigos fumadores saen ó xardín a botar o cigarrinho, e vese que algún desaprensivo tirou a cabicha sen

apagar, circunstancia que aproveitou o batracio para porse a chupala e así impresionar ás ras. As inocentes, ó ver semellante pasmón saíron espavoridas e foi a raíz disto cando me contaron todo o caso.

Eu alporiceime tanto que non dubidei de marchar ó río á procura dunha garza coñecida miña para pedirlle, ante o seu asombro, que viñese a facer unha limpeza ó noso estanque. Cando entrei en detalle e lle expliquei que a limpeza consistía en comer o sapo Padexón e deixar ás ras en paz, chamoume tolo. Eu pensei que o de chamarme tolo era por dicirlle que non podía comer as ras – bocado exquisito para ela- pero non, insultábame

por pedirlle que comera ó sapo, o que definiu como porcallada, e moi alporizada díxome que a pesar da nosa amizade que non contase con ela. Isto desbaratou todo o meu plano de devolverlle a tranquilidade ás ras. Estaba a punto de desistir cando se me ocorreu dicirlle á garza:

- Está ben que che dea asco comer semellante baldreu, pero ¿e collelo por unha pata?

A garza puxo cara de interrogación.

- ¿Collelo por unha pata?¿que queres dicir?

– Pois o que quero dicir é se vas ó estanque, e as ras e mais eu pómoscho a tiro, ti cóllelo por unha pata, elévaste, dáslle unhas cantas voltas polo aire e despois deixalo caer onde che pareza.

Á garza o plano pareceulle divertido e acabou cedendo. Eu insistinlle que o asunto era darlle un bo escarmento ó sapo, pero que as ras ¡nin tocalas!. Ela ofendeuse toda coa miña insistencia.

Ó día seguinte conteille o acontecido ás ras e pedinlle que se mostrasen especialmente atentas co sapo Padexón. Así foi, ata o extremo que o sapo con tanta atención e roce por parte delas, estaba que non se enteraba de nada do que pasaba ó seu

arredor. Así, cando a garza se pousou ó seu lado nin se percatou da súa presenza e iso que as ras aínda fuxiron por precaución, pero el pensaba que estaban enredando. A garza mirouno con cara de asco, pechou os ollos, colleuno por unha pata e botou a voar. ¡Ai, meu sapo! cando se viu polos aires boca abaixo mentres as ras no prado rie que rie, o batracio non sabía que lle doía máis, a pata no pico da garza ou o ridículo da situación.

A zancuda aínda tivo tempo de darlle tres ou catro voltas por riba das cabezas das ras que brincaban de felicidade e dos cans que ladraban ó ver que a garza lles levaba algo que en teoría tiñan que gardar, por atoparse na nosa propiedade. Así, entre

o excesivo peso do sapo e a risa que lle producía toda aquela algarada, soltou ó Padexón sen miramentos, que acabou espanzurrándose no medio do prado. O sapo, a pesares do mareo e da dor da pata, arrastrouse ata chegar ás sebes donde se refuxiou da súa vergoña e donde, a partires dese día, só saía polas noites para cazar obrigado pola súa familia que lle di que todo o que lle aconteceu estáballe ben empregado por ser un truán e un ocioso.

Quen nunca máis o volveron a ver por incompatibilidade horaria foron as ras, aínda que cando tiñan ganas de chanza acercábanse a guichar debaixo da sebe, pero a nai do Padexón botábaas de alí a esgarros, aínda que a min nunha ocasión

recoñeceume que fora un bo escarmento para o seu fillo porque empezou a darse conta que as cousas teñen un límite.